

LEZRA, Jacques: *Materialismo salvaje. La ética del terror y la república moderna*, Biblioteca Nueva, Biblioteca Saavedra Fajardo de Pensamiento Político, Madrid, 2012, 338p.

Neste libro denso, documentado, proliferante até o desespero do lector, o autor, catedrático da Universidade de Nova Iorque (EUA), pretende pensar o parentesco entre o terror, a facultade de vulgar e a cidade, situado na bisagra (que separa e, tamén, articula) a perspectiva mitolóxica sobre os acontecementos (históricos, sociais, políticos) e o terreo (gramatical, semántico e pragmático) sobre o que se erguen os piares da pertenza a unha comunidade. Esta bisagra, simultaneidade ou “mesmo tempo”, que o autor denomina “falla”, é obxecto de estudo a partir dunha metodoloxía que desencaixa (deconstrúe) textos (de xéneros diversos) e contextos (míticos, históricos, normativos, xornalísticos, entre outros) para recompoñelos (reconstruíndoos) nun espazo precario e provisional (tal vez espectral, por non dicir, contra o autor, cuasi-transcendental) que el mesmo denomina “división” ou “materialismo salvaxe non-dialéctico, histórico, aleatorio” —unha especie de (meta)xogo da linguaxe exquisitamente académica. Así, desde o inicio, o concepto “república” non nomeará un réxime ou disposición positivos (civismo, respecto, recoñecemento), ou unha modalidade de comunitarismo (da participación efectiva e/ou posible), senón unha división ou un feixe de relacións aínda por pensar, pero xa dadas (fácticas) “e simultaneamente” por construír a partir da condición de posibilidade innominada (tal vez innomeable) do terror. O concepto “radical” aludirá á capacidade definitoria da subxectividade política de interferir arbitrariamente ou suscitar terror noutras subxectividades. O concepto “terror” é pensado a partir dos lazos indicibles e inexpresables que unen ás persoas, e que esixen a distribución da responsabilidade da supervivencia da vida ético-política, e a asistencia e protección ao acontecer de dita distribución. Mais, “terror” nomeará, tamén e sobre todo, os enunciados dun universalismo defectuoso (sobre o que se coordinan os xuízos éticos e os intereses políticos) e a experiencia que estes enunciados suscitan en, por e para o corpo da cidade. A combinación destes tres termos (república, radical, terror) faise de tal xeito que a proposición rectora que materializa o libro é “pensar o traballo do terror na república moderna” (e, tamén, os dispositivos que o escurecen: o terrorismo, entre outros), no marco da busca da forma de asociación

---

Recibido: 27/05/2012. Aceptado: 22/11/2012.

política adecuada para a “era posnacional” e a súa mantenza nun estado de “falla” ou perpetuo desprazamento.

Logo da presentación elaborada por Étienne Balibar (“As metamorfoses da pulsión de morte”), a introdución (“Terrible ética”) debuxa os contornos do “suceso” (acto, decisión, execución) que latexa ao longo do libro: a tortura como fundamento e/ou límite de calquera estado. Procédese á análise dos discursos que a xustifican ou critican, o papel do mitolóxico e do escatolóxico na súa lexitimación, a recursividade das argumentacións, o seu papel na fundación da cidade-comunidade, a súa función en contextos normativos a pesar da súa “incoherencia” normativa, a diseminación da culpa que conleva e o traslado de responsabilidades a todo o corpo social.

O capítulo primeiro (“A ética do terror”) examina a reconstrución imaxinaria (no imaxinario colectivo) do asasinato do almirante Luis Carro Blanco por parte da ETA en 1973, a través de documentos heteroxéneos. O autor conclúe que a trama de versións do atentado constrúe o “acontecemento” do atentado segundo unha lóxica que confirma a concepción orgánica do Estado promovida pola Falanxe baixo a tutela de Franco, proporciona un contrarrelato instrumental expresado co léxico falanxista, e, simultaneamente, describe un ámbito excepcional (epocal, físico, urbano, epistemolóxico) de ansiedade sen obxecto (de terror) no que cabe imaxinar-se o concepto dunha socialidade inorgánica.

No capítulo segundo (“*Farés* ou a soberanía divisible”) iníciase a reelaboración do concepto de “soberanía ferida” a partir do contraste da indivisibilidade lóxico-práctica da soberanía (segundo Jean Bodin) coa aporética da soberanía divisible (de Jacques Derrida).

O capítulo terceiro (“A lóxica da soberanía”) continúa coa elaboración dunha nova versión do concepto de soberanía ferida a partir da lóxica da “zona de indistinción” das decisións soberanas de Giorgio Agamben. Dúas escenas (unha histórica, outra mitolóxica) son o símbolo (en dúas partes) da maridaxe entre o exercicio da soberanía e a práctica do relato historiográfico: a escena da disputa de Lovaina en torno aos futuros continxentes entre o retórico Pierre de Rivo e o teólogo Henri de Zomerem entre 1465 e 1479; a escena do esforzo do arcebispo de Toledo, Juan Martínez Guisarro, en 1546, para desmitificar a Cova de Hércules. Ambas as dúas escenas representan a vinculación temperá entre gobernación, lóxica e experiencia do terror.

O capítulo cuarto (“Materia na crítica da autonomía”) estuda como a tradición idealista imaxina a xénese dos conceptos filosóficos. Toma como motivo a obra de Louis Althusser interpretándoa a partir dun cuádruplo móbil: o esforzo de pensar o eventual fóra da absorción pola providencia;

a análise da estrutura (necesaria ou contingente) do traballo de produción de conceptos; a determinación da efectividade operacional dun concepto dentro e fóra dunha estrutura dada no que está ausente ou presente; a materialización da vida en concepto. Esta revisión dos móbiles e medios althusserianos mostran unha inédita teoría do concepto: o concepto como, por exemplo, o de soberanía, non é unha representación común, senón unha expresión non representacional que xurde segundo un materialismo literario sobredeterminado no encontro entre Marx e Hegel a propósito da natureza do Estado. Segundo Lezra, o terror é un concepto deste tipo e, tamén, o nome dunha clase de conceptos: os paradoxalmente abertos, non idénticos consigo mesmos, producidos ao abeiro dunha espontaneidade regulativa que condiciona o xurdimento e circulación deses conceptos que regulan a conduta e o pensamento, precisamente a partir do modelo desas mesmas regras espontaneamente paradoxais.

No capítulo quinto (“Unha comunidade sadiana”) analízanse as formulacións do “cuestionamento democrático radical” de Mouffe e Laclau, Hardt e Negri, e, tamén, a “alternativa pragmática, democrática liberal” de Richard Rorty. Para Lezra ambas as dúas formulacións refórzanse mutuamente e responden a un mesmo modelo representacional: por unha banda, ao antagonismo social débil (competición, *agonismo*); pola outra, ao antagonismo social reconducido pola e na cultura. A alternativa a estes dous asociacionismos instrumentais é un republicanismo radical baseado na noción dun pracer distribuído, soberano, fundamentado na versión da contingencia de Sade exposta na *Filosofía no toucador*. Esta contingencia ten unha anterioridade pedagóxica, no aspecto lóxico e cronolóxico, a respecto de calquera versión asociativa da comunidade.

No capítulo sexto (“Tres mulleres, tres bombas”) trátase a figura fantasmática do terrorismo islámico fundamentalista encarnado na figura feminina que porta unha bomba tras o veo. Toma como motivo dúas películas de Gillo Pontecorvo: *Kapò* (1960) e *La battaglia di Algeri* (1965-1966).

Por fin, na conclusión (“A república distraída”) reescríbese o fracaso do modelo republicano que supuxo a derrota da República española en 1939. O cruzamento das análises de María Zambrano e da Lección de Viena (1935) de Edmund Husserl dan como resultado que nin a melancolía zambraniana nin o heroísmo da razón husserliano poden dar conta desa forma de asociación erguida sobre universais fráxiles, débiles, precarios: a república moderna, materialista e contingente.

Miguel Ángel Martínez Quintanar